

t

# MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**19998** *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 1066/2001, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restriccións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas.* («BOE» 257, do 26-10-2001.)

Advertidos erros no texto do Real decreto 1066/2001, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restriccións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 13 en lingua galega, do 1 de outubro de 2001, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 1118, columna da dereita, artigo 4, número 2, primeiro parágrafo, onde di: «... se concretasen por orde ministerial, segundo o procedemento que se establece no artigo 5 deste regulamento.»; debe dicir: «... se constituísen, segundo o previsto no artigo 5 deste regulamento.»

Na mesma páxina e columna, no título do artigo 5, onde di: «Procedemento para a constitución de limitacións e servidumes»; debe dicir: «Constitución de limitacións e servidumes».

Na páxina 1119, columna da esquerda, artigo 5, número 4, primeira e segunda liña, onde di: «A orde de aprobación da limitación ou da servidume publicárase...»; debe dicir: «A orde de aprobación da limitación publicárase...».

Na páxina 1122, columna da esquerda, número 2. A) e B), o símbolo que aparece antes do V debe ser substituído polo símbolo micro ( $\mu$ ) que debe aparecer como primeiro carácter do que figura nas parénteses: ( $\mu\text{V/m}$ ).

Na páxina 1124, columna da dereita, na segunda nota, liñas once, doce, trece e catorce, onde di: «Nesta gama de frecuencia, o limiar SA de  $4\text{-}16\text{ mJ/kg}^2$  que é necesario para producir este efecto corresponde, para pulsos  $30\mu\text{S}$ , a valores máximos SAR de  $130\text{ a }520\text{ W/kg}^2$  no cerebro.»; debe dicir: «Nesta gama de frecuencia, o limiar SA de  $4\text{-}16\text{ mJ/kg}^{-1}$  que é necesario para producir este efecto corresponde, para pulsos  $30\mu\text{S}$ , a valores máximos SAR de  $130\text{ a }520\text{ W/kg}^{-1}$  no cerebro.».

**20093** *REAL DECRETO 1162/2001, do 26 de outubro, polo que se modifica o artigo 29 do Regulamento de asistencia xurídica gratuítas.* («BOE» 258, do 27-10-2001.)

Coa entrada en vigor da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e en virtude do previsto na súa disposición adicional trixésima, que modifica o artigo 38 da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuítas, regúlase un novo sistema de subvencións para lles compensar ós consellos xerais e colexios profesionais de avogados e procuradores o custo que xera o funcionamento operativo dos servicios de asistencia xurídica gratuítas, das unidades encargadas do asesoramento e a orientación previos ó proceso ós cidadáns e da cualificación provisional das pretensións solicitadas.

Por iso, dando cumprimento á citada disposición adicional, apróbase este real decreto, polo que se modifica

o artigo 29 do Regulamento de asistencia xurídica gratuítas, aprobado polo Real decreto 2103/1996, do 20 de setembro, a través do cal se posibilita un servizo ó cidadán que carece dos medios económicos necesarios para litigar, aínda que iso supoña para as organizacións profesionais indicadas asumir unha carga de xestión administrativa. Esta actuación está subvencionada actualmente cun límite do 8 por 100 do crédito total consignado no orzamento de cada exercicio, destinado a indemnizarlos avogados e procuradores pola súa participación na quenda de oficio e asistencia letrada ó detido. Isto supón un déficit para os consellos xerais e colexios profesionais de avogados e procuradores, xa que esas cantidades non cobren na súa totalidade os custos reais de funcionamento dos servizos destinados á asistencia xurídica gratuítas (Servizo de Orientación Xurídica).

É interese deste Goberno, na medida en que as dispoñibilidades orzamentarias o permitan, establecer un sistema de subvención que compense a esas organizacións polos custos reais que lles poida supoñer o mantemento deses servizos de asistencia xurídica gratuítas. O medio máis idóneo para conseguilo é fixar uns módulos compensatorios para determinar a subvención que recibirá cada organización profesional, tendo en conta os expedientes que fosen tramitados ante as correspondentes comisións de asistencia xurídica gratuítas, a verificación das cales realiza regularmente o Ministerio de Xustiza.

O mesmo tempo establécese o necesario sistema de xustificación que as organizacións profesionais teñen que cumprir para percibir a subvención.

Sobre este real decreto emitiron informe o Consello Xeral do Poder Xudicial e mailos Consellos Xerais da Avogacía Española e os Colexios de Procuradores dos Tribunais de España.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Xustiza e de Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de outubro de 2001,

## DISPONGO:

**Artigo único.** *Modificación do artigo 29 do Real decreto 2103/1996, do 20 de setembro.*

O artigo 29 do Regulamento de asistencia xurídica gratuítas, aprobado polo Real decreto 2103/1996, do 20 de setembro, queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 29. *Gastos de funcionamento e infraestructura.*

1. O custo que lles xera ós colexios profesionais de avogados e procuradores o funcionamento operativo dos servizos de asistencia xurídica gratuítas, das unidades encargadas do asesoramento e a orientación previos ó proceso ós cidadáns e da cualificación provisional das pretensións solicitadas, compensarase en función da aplicación a cada expediente do seguinte módulo:

- a) Colexios de avogados: 5.000 pesetas por expediente tramitado (30,050605 euros).
- b) Colexios de procuradores: 500 pesetas por expediente tramitado (3,005061 euros).

2. A cantidade resultante de multiplicar o módulo por cada expediente devengarase cando quede constancia de que este está completo e foi enviado á correspondente Comisión de Asistencia Xurídica Gratuítas para a súa resolución definitiva.

3. Dentro do mes natural seguinte ó de finalización de cada trimestre, os Consellos Xerais da

0

Avogacía Española e dos Procuradores dos Tribunais de España, así como as Comisións de Asistencia Xurídica Gratuíta, remitirán por separado, ó Ministerio de Xustiza, unha certificación que conteña o número de expedientes completos tramitados por cada colexio de avogados e procuradores que tiveron entrada nas respectivas comisións. En función destas certificacións, o Ministerio de Xustiza efectuará regulamentariamente os libramentos trimestrais que correspondan con cargo ás súas dotacións orzamentarias.

4. Para subvencionar-lo custo que lles xeren ó Consello Xeral da Avogacía Española e ó Consello Xeral dos Colexios de Procuradores dos Tribunais de España as súas actuacións en materia de asistencia xurídica gratuíta, trimestralmente os consellos percibirán unha cantidade igual á resultante de lle aplica-lo 11,5 por 100 ó importe que lles corresponda ós colexios polos expedientes tramitados, segundo o disposto nos números 1 e 2 deste artigo.»

**Disposición adicional primeira.** *Efectividade das medidas.*

O disposto neste real decreto será de aplicación ás certificacións que se presenten a partir do 1 de abril de 2001.

**Disposición adicional segunda.** *Actualización das contías.*

As contías recollidas no número 1 do artigo 29 do Regulamento de asistencia xurídica gratuíta poderán ser actualizadas polo ministro de Xustiza, en función das dotacións orzamentarias e da evolución dos custos, logo de informe do Consello Xeral da Avogacía Española, do Consello Xeral dos Colexios de Procuradores dos Tribunais de España e do Ministerio de Facenda.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de outubro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,  
JUAN JOSÉ LUCAS GIMÉNEZ

**20276** REAL DECRETO 1125/2001, do 19 de outubro, polo que se modifica o Regulamento de organización e funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 138/2000, do 4 de febreiro. («BOE» 261, do 31-10-2001.)

A aplicación do artigo 33.3 do Regulamento de organización e funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 138/2000, do 4 de febreiro, en relación co seu artigo 58, vén ocasionando, na práctica diaria, interferencias e disfuncións coas actuacións inspectoras territoriais, polo que cómpre modifica-los citados artigos 33.3 e 58, aclarándoos e, en especial, concreta-los respectivos ámbitos de actuación, tanto da dirección especial como das inspeccións provinciais, para evitar moitas veces o seu solapamento e conseguila súa plena coordinación, dentro dos cometidos

funcionais fixados polo Regulamento de organización e funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social en desenvolvemento da Lei 42/1997, ordenadora desta, ós diferentes órganos da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Por outra banda, cómpre, ó abeiro da autorización ó Goberno contida na disposición adicional primeira, número 2 da Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, en materia de finalización de procedementos administrativos, aclara-lo contido do artigo 20.3 e colma-la lagoa do artigo 33.2 do Real decreto 928/1998, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións da orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas da Seguridade Social, en materia de prazo máximo de resolución dos expedientes sancionadores e liquidatorios a que se refire o procedemento específico regulado no citado real decreto.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Traballo e Asuntos Sociais e de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de outubro de 2001,

DISPONGO:

**Artigo único.** *Modificación do Regulamento de organización e funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social aprobado polo Real decreto 138/2000, do 4 de febreiro.*

No regulamento aprobado polo Real decreto 138/2000, do 4 de febreiro, introdúcense as seguintes modificacións:

1. Dáselle unha nova redacción ó punto 3 do artigo 33:

«Artigo 33. *Normas de distribución territorial.*

3. As actuacións inspectoras sobre empresas ou sectores con actividade no territorio de máis dunha comunidade autónoma poderán ser exercidas pola Dirección Especial da Inspección de Traballo e Seguridade Social, regulada neste regulamento, sen prexuízo, se así se determinar, da colaboración e participación das inspeccións provinciais baixo unidade de acción e de criterio.»

2. Dáselles unha nova redacción ós números 1.1.º, 2 e 4 do artigo 58:

«Artigo 58. *Cometidos funcionais da Dirección Especial de Inspección adscrita á autoridade central.*

1. A Dirección Especial de Inspección de Traballo e Seguridade Social, en dependencia directa da súa autoridade central, ten os cometidos inspectores seguintes:

1.º Organización, coordinación e execución de operacións e actuacións inspectoras en materia de réxime económico da Seguridade Social respecto de suxeitos, sectores ou situacións que se estendan no territorio de máis dunha comunidade autónoma, no marco do establecido no artigo 33.3 deste regulamento. Anualmente, a Dirección Especial programará os criterios da súa actuación e comunicarllelos ás inspeccións provinciais. Igualmente comunicará, con carácter previo, calquera outra actuación de carácter extraordinario.

2. A Dirección Especial, coas estruturas especializadas que sexan necesarias, desenvolverá os